

b) A partir do 1 de xaneiro do ano 2002, aplicarase o sistema previsto no artigo 77 coas seguintes especialidades:

$$0,75 \cdot \Delta IPC_{\text{medio}} \leq \Delta IPC_{\text{medio}} - X \leq 1,15 \cdot \Delta IPC_{\text{medio}}$$

O valor do X non estará suxeito á expresión

$$0 \leq x \leq 1$$

c) No prazo de tres meses a partir da entrada en vigor da presente lei o Ministerio de Fomento revisará para cada unha destas concesións as previsións de intensidades medias diarias de tráfico (IMD_p) contempladas nos respectivos plans económico-financeiros depositados no Ministerio de Fomento.

Disposición transitoria sétima. *Beneficios fiscais aplicables no imposto sobre a renda das persoas físicas á transmisión de determinados predios rústicos e explotacións agrícolas.*

Prorrógase para os anos 2000 e 2001 o réxime fiscal previsto na disposición adicional sexta da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, para a transmisión de determinados predios rústicos e explotacións agrícolas.

Disposición transitoria oitava. *Exercicio e comunicación da opción polo réxime especial das fusións, escisións, achegas de activos e troco de valores.*

Os novos requisitos establecidos por esta lei no punto 1 do artigo 110 da Lei 43/1995, do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, para o exercicio e comunicación da opción polo réxime especial das fusións, escisións, achegas de activos e troco de valores, serán aplicables a aquelas operacións nas que o correspondente proxecto, acordo ou contrato se realice a partir do 1 de xaneiro de 2001.

Disposición transitoria novena. *Obriga de declarar para o ano 2000.*

A nova redacción do artigo 79 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, efectuada pola presente lei, resultará de aplicación ós períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2000.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Un. A partir da entrada en vigor desta lei queda derogado o Real decreto 1064/1991, do 5 de xullo, sobre dereitos aeroportuarios nos aeroportos nacionais, e o Real decreto 1268/1994, do 10 de xuño, polo que se actualizan os tipos de gravame e se modifica parcialmente o Real decreto 1064/1991, do 5 de xullo.

Dous. Derrógase a taxa «Honorarios do corpo de enxeñeiros navais» creada pola Lei 74/1962, do 24 de decembro, e desenvolvida polo Decreto 4291/1964, do 17 de decembro.

Tres. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido na presente lei.

Catro. Con efectos a partir do día 1 de xaneiro de 2004, quedarán derogadas as seguintes disposicións:

a) O artigo 70 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.

b) O artigo 3 da Lei 39/1997, do 8 de outubro, pola que se aproba o programa PREVER para a modernización do parque de vehículos automóbiles, o incremento da seguridade vial e a defensa e protección do ambiente.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución da presente lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2001.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE FACENDA

24360 REAL DECRETO 3472/2000, do 29 de decembro, polo que se modifican determinados artigos do Regulamento do imposto sobre sociedades en materia de amortización de elementos patrimoniais, provisión para insolvencias de entidades financeiras, colaboración externa na presentación e xestión de declaracións e imputación temporal de ingresos e gastos, así como do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas en materia de rendementos irregulares do traballo e prazo para a presentación de determinada declaración. («BOE» 313, do 30-12-2000.)

Mediante o presente real decreto modifícanse determinados artigos do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 537/1997, do 14 de abril, que regulan materias como as táboas de amortización, a provisión por insolvencias de entidades financeiras, a imputación temporal de ingresos e gastos ou a xestión do imposto.

En primeiro lugar, apróbase unha nova táboa de coeficientes de amortización aplicable ós portos marítimos, dado que as características específicas destas explotacións requiren o tratamento singular dos elementos afectos a elas.

En segundo lugar, a modificación da normativa contable e, en particular, das esixencias de cobertura do risco por insolvencia das entidades financeiras, que se plasmou na Circular 9/1999, do 17 de decembro, do Banco de España, motiva a reforma dos preceptos do Regulamento do imposto sobre sociedades que regulan as provisións por insolvencias en entidades financeiras. Neste punto, destaca a aclaración regulamentaria sobre a non deducibilidade das dotacións á denominada «provisión estatística», de nova creación, por non responder a unha valoración individualizada do risco de insolvencia, en liña co disposto no número 2 do artigo 12 da Lei do imposto.

No referente á xestión tributaria, introdúcese mediante este real decreto dúas modificacións no Regulamento do imposto sobre sociedades.

Así, desenvólvese a colaboración social na xestión do imposto prevista no artigo 96 da Lei 230/1963, do

28 de decembro, xeral tributaria. A norma pretende mellora-las relacións entre Administración e contribuíntes, facilitándolles a estes o cumprimento das súas obrigas e, en concreto, a presentación telemática de declaracións.

Por outra parte, en materia relativa ó procedemento para aprobar criterios de imputación temporal distintos ó devengo, modifícase o punto 6 do artigo 29 do Regulamento do imposto para ampliar de tres a seis meses o prazo máximo de resolución de que dispón a Administración tributaria. Esta ampliación vén aconsellada pola experiencia adquirida durante tres anos de aplicación da norma, que pon de manifesto a insuficiencia do prazo actual e as importantes consecuencias que o seu incumprimento implica, xa que está previsto que o silencio administrativo teña carácter positivo. Á vista disto, optouse por unha fórmula que permite conxugar adecuadamente o interese dos contribuíntes en obter unha resposta ás súas pretensións con rapidez e o interese público, que aspira a unha resolución xusta dos procedementos. A solución pasa por mante-lo carácter positivo do silencio neste procedemento, pero ampliando o prazo de resolución a seis meses para adecualo ó establecido con carácter xeral no artigo 23 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.

A través dunha disposición adicional modifícase o artigo 10 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, co obxecto de fixar, para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2000, a contía do salario medio anual do conxunto dos declarantes do imposto, para os efectos da aplicación da redución do 30 por 100 prevista no artigo 17.2.a) da Lei do imposto, na súa nova redacción dada pola Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

A segunda disposición adicional amplía o prazo de presentación das declaracións informativas que realizan as entidades preceptoras de donativos mediante soporte directamente lexible por ordenador.

A disposición transitoria única recolle a non aplicación do novo prazo establecido no artigo 29 do Regulamento do imposto sobre sociedades á resolución dos procedementos que se encontren en tramitación na data de entrada en vigor da reforma.

Por último, a disposición derradeira única prevé a entrada en vigor do presente real decreto o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», aínda que as normas relativas á provisión por insolvencias de entidades financeiras se aplicarán á totalidade dos períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2000.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2000,

DISPÓÑO:

Artigo primeiro. *Incorporación ó Regulamento do imposto sobre sociedades dunha nova agrupación ás táboas de coeficientes de amortización de elementos patrimoniais, aplicable a entidades que prestan servizos portuarios.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2000, introdúcese na división 9 das táboas de coeficientes de amortización de elementos patrimoniais do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 537/1997, do 14 de abril, unha nova agrupación 95, aplicable a entidades que prestan servizos portuarios. O seu contido consta como anexo deste real decreto.

Artigo segundo. *Modificación do artigo 7, «Cobertura do risco das posibles insolvencias dos debedores», do Regulamento do imposto sobre sociedades.*

1. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2000, o parágrafo b) do punto 2 do artigo 7 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 537/1997, do 14 de abril, quedará redactado como segue:

«b) Os garantidos mediante dereitos reais, pactos de reserva de dominio e dereito de retención, cando o obxecto dos citados dereitos reais sexan vivendas terminadas.

Non obstante, cando transcorresen máis de tres anos desde o vencemento da primeira cota ou prazo non pagado, e nos casos de perda ou envilecemento da garantía, si serán deducibles as dotacións que se practicasen.»

2. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2000, o punto 3 do artigo 7 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 537/1997, do 14 de abril, quedará redactado da seguinte maneira:

«3. Non serán deducibles as dotacións baseadas en estimacións globais, incluso estatísticas, do risco de insolvencia dos debedores. Non obstante, serán deducibles as dotacións derivadas da aplicación do previsto no punto 6 da norma décimo primeira da Circular 4/1991, do 14 de xuño, do Banco de España, excepto na parte que delas corresponda a valores negociados en mercados secundarios organizados, créditos cubertos con garantía real e cotas pendentes de vencemento de contratos de arrendamento financeiro sobre bens inmóbiles.»

Artigo terceiro. *Introducción dun novo artigo 55 bis, relativo á colaboración social na xestión tributaria, no Regulamento do imposto sobre sociedades.*

Engádese un novo artigo 55 bis ó Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 537/1997, do 14 de abril, coa seguinte redacción:

«Artigo 55 bis. *Colaboración externa na presentación e xestión de declaracións.*

1. A Administración tributaria poderá facer efectiva a colaboración social na presentación de declaracións por este imposto a través de acordos coas comunidades autónomas e outras administracións públicas, con entidades, institucións e organismos representativos de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais.

2. Os acordos a que se refire o punto anterior poderán referirse, entre outros, ós seguintes aspectos:

- Campañas de información e difusión.
- Asistencia na realización de declaracións e na súa formalización correcta e veraz.
- Remisión de declaracións á Administración tributaria.
- Emenda de defectos, logo de autorización dos suxeitos pasivos.
- Información do estado de tramitación das devolucións de oficio, logo de autorización dos suxeitos pasivos.

3. A Administración tributaria proporcionará a asistencia técnica necesaria para o desenvolvemento

to das indicadas actuacións sen prexuízo de ofrecer estes servizos con carácter xeral ós suxeitos pasivos.

4. Mediante orde do ministro de Facenda estableceranse os supostos e condicións en que as entidades que subscribisen os citados acordos poderán presentar por medios telemáticos declaracións, declaracións-liquidacións ou calquera outro documento esixido pola normativa tributaria, en representación de terceiras persoas.

Esta orde poderá prever igualmente que outras persoas ou entidades accedan ó dito sistema de presentación por medios telemáticos en representación de terceiras persoas.»

Artigo cuarto. *Modificación do artigo 29, «Aprobación de criterios de imputación temporal distintos ó devengo», do Regulamento do imposto sobre sociedades.*

O número 6 do artigo 29 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 537/1997, do 14 de abril, queda redactado como segue:

«6. A resolución que poña fin ó procedemento poderá:

- a) Aproba-lo criterio de imputación temporal de ingresos e gastos formulado polo suxeito pasivo.
- b) Aprobar un criterio alternativo de imputación temporal de ingresos e gastos formulado polo suxeito pasivo no curso do procedemento.
- c) Desestima-lo criterio de imputación temporal de ingresos e gastos formulado polo suxeito pasivo.

A resolución será motivada.

O procedemento deberá finalizar antes de seis meses, contados desde a data en que a solicitude tivese entrada en calquera dos rexistros do órgano administrativo competente ou desde a data de emenda dela a requirimento do dito órgano.»

Disposición adicional primeira. *Modificación do artigo 10 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2000, engádese un novo punto 4 ó artigo 10 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo artigo único do Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, coa seguinte redacción:

«4. A contía do salario medio anual do conxunto dos declarantes do imposto para os efectos da aplicación da redución do 30 por 100 prevista no artigo 17.2.a) da Lei do imposto será de 2.600.000 pesetas.»

Disposición adicional segunda. *Modificación do artigo 66 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2001, o número 2 do artigo 66 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo artigo único do Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, queda redactado como segue:

«2. As entidades receptoras de donativos que dean dereito a dedución por este imposto deberán presentar unha declaración informativa de doazóns, na que ademais dos seus datos de identificación e da indicación de se están ou non acollidas ó réxime de deducións establecido pola Lei 30/1994,

do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, poderá esixirse que consten os seguintes datos referidos ós doadores:

- a) Nome e apelidos.
- b) Número de identificación fiscal.
- c) Importe do donativo.
- d) Inclusión ou non do donativo nas actividades ou programas prioritarios de mecenado que se sinalen por Lei de orzamentos xerais do Estado.

A presentación desta declaración informativa realizarase nos trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro de cada ano, en relación cos donativos percibidos no ano inmediato anterior.

No caso de que a declaración se presente en soporte directamente lexible por ordenador, o prazo de presentación será o comprendido entre o 1 de xaneiro e o 20 de febreiro de cada ano.»

Disposición transitoria única. *Aplicación dos novos prazos de tramitación dos procedementos para aprobar criterios de imputación temporal distintos ó devengo.*

O novo prazo de resolución dos expedientes de aprobación de criterios de imputación temporal de ingresos e gastos establecido no artigo 29 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 537/1997, do 14 de abril, non resultará aplicable ós expedientes dos que se iniciase a tramitación con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O disposto neste real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

ANEXO

Agrupación 95. Servicios Portuarios

	Coeficiente lineal — Máxima porcentaxe	Período máximo — Años
1. Dragados de primeiro establecemento. Diques e obra de abrigo	2	100
2. Esclusas. Obras permanentes de canalización e defensa de marxes. Dique de protección de recintos. Peirao. Diques secos. Varadoiros. Túneles e pontes. Elementos fixos de soporte de axuda á navegación	3	68
3. Diques flotantes. Vías férreas e estacións de clasificación. Cabrias e guindastres flotantes. Dragas. Remolcadores. Gánguiles, gabarras e barcazas ..	4	50
4. Cargadoiros e instalacións especiais. Guindastres de pórtico e portacontenedores	5	40
5. Instalacións. Conduccións. Iluminación exterior e cerramentos	6	34

	Coefficiente lineal — Máxima porcentaxe	Período máximo — Anos
6. Obras complementarias para atracada. Boias de amarre. Embarcacións de servizo. Elementos de soporte flotante para axuda á navegación. Pavimentos en peiraos, zonas de manipulación e depósito. Camiños, zonas de circulación, aparcamento e depósitos. Equipo taller	7	30
7. Guindastres automóviles. Carretas, tractores, remolques e moegas, cintas e equipo lixeiro de manipulación de mercadorías. Equipo auxiliar e equipo de mergulladores. Instalacións de axudas visuais. Pantaláns flotantes	10	20
8. Instalacións de axudas radioeléctricas, de xestión e explotación. Defensas e elementos de amarre. Material diverso	20	10

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

24368 *REAL DECRETO 3485/2000, do 29 de decembro, sobre franquías e exencións en réxime diplomático, consular e de organismos internacionais, e de modificación do Regulamento xeral de vehículos, aprobado polo Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro. («BOE» 313, do 30-12-2000.)*

Este real decreto recolle nun texto normativo único a regulación das franquías e exencións en réxime diplomático, consular e dos organismos internacionais, ata agora reguladas en disposicións de diverso rango e contido, unifica o procedemento para a súa aplicación e simplifica a súa xestión.

No noso ordenamento xurídico as franquías e exencións en réxime diplomático, consular e dos organismos internacionais teñen o seu fundamento nos convenios de Viena do 18 de abril de 1961, sobre relacións diplomáticas, e do 24 de abril de 1963, sobre relacións consulares, así como nos convenios internacionais subscritos por España constitutivos dos organismos internacionais, ou nos acordos de sede destes, que, xunto co Regulamento (CEE) 918/83 do Consello, do 28 de marzo, relativo ó establecemento dun réxime comunitario de franquías alfandegueiras, e as Leis 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido; 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, e 8/1991, do 25 de marzo, do imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla, que trasladan ó noso ordenamento legal os compromisos adquiridos por España nos citados convenios internacionais, son a base xurídica que sustenta a nosa regulación regulamentaria actual e o presente real decreto.

Na actualidade, regulamentariamente, as franquías alfandegueiras nestes réximes están reguladas nas ordenanzas xerais da renda de alfándegas, aprobadas polo Decreto do 17 de outubro de 1947; as franquías e exen-

cións relativas ó imposto sobre o valor engadido, no Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro; as correspondentes ós impostos especiais, no Regulamento dos impostos especiais, aprobado polo Real decreto 1165/1995, do 7 de xullo, e as do imposto xeral indirecto canario e do arbitrio sobre a produción e importación nas Illas Canarias, no Real decreto 2538/1994, do 29 de decembro. Esta normativa regulamentaria complementábase con diversos decretos e ordes, configurando un conxunto heteroxéneo tanto no que se refire ó seu rango competencial como á regulación substantiva e procedemental que efectúan, a pesar de fundamentarse na mesma base convencional antes sinalada.

Este real decreto pretende, polo tanto, se-lo texto único que de forma sistemática e con unidade de criterio para tódolos tributos efectúe esta regulación a nivel regulamentario, sen prexuízo da competencia da Comunidade Autónoma de Canarias e das cidades de Ceuta e Melilla para a regulación regulamentaria dos aspectos relativos á xestión das franquías e exencións nos tributos indirectos integrados no réxime económico fiscal de Canarias e no imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla.

En relación coas exencións no imposto sobre o valor engadido, eliminouse a limitación temporal existente na exención nas entregas de mobiliario e utensilios destinados ó uso persoal ou ó amoblamento da vivenda habitual dos membros do persoal diplomático e funcionarios consulares de carreira, para harmonizala coas franquías á importación.

Polo que se refire ós automóviles, adecuáronse as franquías e exencións á realidade sociolóxica e técnica actual baseándoas, especialmente, no principio de reciprocidade. En particular, en canto ós automóviles matriculados a nome do denominado «persoal técnico administrativo», o presente real decreto mantén os beneficios tributarios que actualmente se derivan da aplicación ós ditos vehículos do réxime de matrícula turística, se ben se configuran como unha franquía ou exención propia do réxime diplomático e consular.

Por último, unificouse o procedemento para a solicitude e concesión destas franquías que, en tódolos casos, se tramitarán a través do Ministerio de Asuntos Exteriores, que as trasladará, xunto co seu informe, á Axencia Estatal de Administración Tributaria para a súa resolución. Sen prexuízo dos réximes especiais por razón do territorio, a esta Axencia atribúeselle a condición de «centro xestor».

Na súa virtude, por proposta conxunta dos ministros de Asuntos Exteriores, de Facenda e do Interior, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2000,

DISPONGO:

TÍTULO I

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Alcance das franquías e exencións

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. As franquías alfandegueiras e fiscais á importación, as exencións nas entregas e adquisicións intraco-